

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PONTEVEDRA EN PONTEVEDRA

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Deputación provincial de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2021/2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: facilitar durante o curso escolar 2021/2022 o servizo de comedor escolar a alumnado pertencente ao CEE Pontevedra, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, nas dependencias de comedor existentes na cidade infantil Príncipe Felipe dependente da Deputación provincial de Pontevedra, de conformidade coas características que se establezan no presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

II.- Que o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG número 154, do 13 de agosto) regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería



con

competencias en materia de educación.

A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

Así mesmo, no seu artigo 2º.1. d) recolle a posibilidade de que os comedores escolares poidan ser xestionados por Administracións Públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo, mediante a suscripción de convenios de colaboración para tal efecto.

III.-Que os medios materiais e persoais dos que dispón a Deputación provincial de Pontevedra na cidade infantil Príncipe Felipe permite utilizar as súas instalacións para proporcionar neste momento o servizo de comedor escolar ao alumnado do CEE Pontevedra, determinados pola Administración educativa, que precisen recibir este servizo por mor da distancia existente entre o centro escolar e os seus respectivos domicilios, nos termos que se establecen no presente convenio de colaboración.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela

